

CEE MIÑO



DATOS DO CENTRO

C/ Juan Fernández de Gres, nº 13
32960, Velle

Telf.: 988 23 85 50

E-mail: cee.mino@edu.xunta.gal

www.edu.xunta.gal/centros/ceemino/

HORARIO

Setembro e Xuño

De 10.00 a 15.00

De Outubro a Maio

De luns a xoves de 10.00 a 17.00

Venres de 10.00 a 15.00

Internado

De luns ás 10.00 a venres ás 15.00

ENSINANZAS



ENSINO BÁSICO OBRIGATORIO

O Ensino Básico Obrigatorio ten como meta esencial potenciar as competencias de todo o alumnado centrándonos nos tres ámbitos de desenvolvemento esenciais: expresión e comunicación, interacción e relación, autonomía e desenvolvemento persoal



TRANSICIÓN Á VIDA ADULTA

A Transición á vida adulta ten a finalidade de conseguir que os alumnos consigan alcanzar o máximo nivel de calidade de vida, isto inclúe: benestar emocional, físico e material; desenvolvemento persoal e autodeterminación; relacións interpersoais e exercicio dos dereitos e inclusión social.

PROGRAMA FORMATIVO BÁSICO: XARDINERÍA E VIVEIRISMO



Os PFB son unha oferta específica da formación profesional básica. Impartidos por profesorado de FP, inclúen módulos de titulacións de FP básica e o módulo de 160 horas de prácticas.

Superado o programa formativo, dará lugar a un certificado de profesionalidade de nivel 1 e á posibilidade de continuar a formación nun ciclo de FP básica



ADEMAIS...

TERAPIAS

- Audición e Linguaxe
- Fisioterapia
- Terapia asistida con animais
- Estimulación Multisensorial



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

- Plans integrais de apoio persoal
- Programas de apoio condutual positivo
- Programa de educación emocional e habilidades sociais
- Protocolos propios: comunicación, condutas sexuais, control de esfínteres, ansiedade elevada...

OBRADOIROS

- **Autonomía na vida diaria**

Realízanse actividades de aseo, vestido, coñecemento e uso dos diferentes obxectos do fogar, iniciación na elaboración de receitas sinxelas de cociña, mantemento básico do xardín...



- **Estimulación sensorial**

Desenvólvense actividades posturais e motrices así como multisensoriais. Dous dos obxectivos principais son potenciar as capacidades sensorio-perceptivas e desenvolver ao máximo as capacidades adaptativas do alumnado.



- Horto escolar

Aproveitando os recursos do xardín, do horto e dos animais, realízanse actividades relacionadas cos froitos típicos de cada estación, rega de xardíns e plantas, manipulación de terra e plantas aromáticas, recollida de follas, coidado dos animais do galiñeiro e do acuario...



- Biblioteca

O traballo neste obradoiro, xira arredor dos contos en diferentes formas (pictogramas, texturas, audivisuais...), centrándose na liña temática anual do centro.



SERVIZOS

COMEDOR

Cociña propia.

Servizo de comida para alumnado externo.

Servizo de almorzo, comida, merenda e cea para alumnado interno.

Menús elaborados semanalmente e supervisados polo servizo médico do centro.

Todos os pratos se adaptan diariamente ás necesidades individuais do alumnado.



TRANSPORTE ESCOLAR

- Autobús: con unha liña pola cidade
- Autobús adaptado: con unha liña pola cidade e arredores
- Taxi individual: para alumnos de fóra da cidade
- Ambulancia
- Transporte individual (familias)

SERVIZO MÉDICO

- Servizo médico propio: médico en horario de mañá e enfermeira en horario de tarde. Encárganse de xestionar as medicacións pautadas e atender incidencias.
- Dúas fisioterapeutas.
- Consultas presenciais da Unidade de Psiquiatría Infantoxuvenil do CHUOU
- Campaña bucodental para discapacitados en colaboración co Sergas.

INTERNADO

De luns ás 10.00 a venres ás 15.00

As fins de semana, vacacións escolares, festivos e días non lectivos; o internado permanece pechado.

Os dormitorios son compartidos por cinco alumnos e supervisados por un coidador durante a noite. Cada alumno ten o seu armario individual para gardar a súa roupa e obxectos de hixiene persoal.

Cada fin de semana levan a súa maleta coa roupa para lavar (no centro non contamos con servizo de lavandeiría.)



